



SESION ORDINARIA DE 31 DE MARZO DE 2026

Presidenta:D^a. María del Carmen López Moreno**Sres/as Deputados/as:**

D. Efrén Castro Caloto
 D^a. María del Pilar García Porto
 D. Pablo Rivera Capón
 D. Miguel Fernández Méndez
 D. Xosé María Arias Fernández
 D. Iván Castro Díaz
 D. Antonio Ameijide Osorio
 D. José Pardo Lombao
 D. Francisco Javier Balado Teijeiro
 D. José Ángel Santos Sánchez
 D. Jesús Manuel Núñez Díaz
 D^a Iria Castro Fernández
 D. Carlos López López
 D. Javier Varela Pérez
 D. Armando Castosa Alvariño.
 D^a. María Sol Morandeira Morandeira
 D. Francisco Cajoto Caserío
 D. José Demetrio Salgueiro Rapa
 D. José María Fernández Vázquez
 D. Clemente Iglesias González
 D. Luis Fernández Guitián
 D. Héctor Manuel Corujo González
 D. José Tomé Roca

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:D^a. María Cristina González Santín

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **trinta e un de marzo de dous mil vinte e seis**, baixo a Presidencia da titular do cargo Ilma. Sra. D^a. María del Carmen López Moreno, reúnense as señoras e señores deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este efecto.

Actúa de secretario o da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste como interventora a Interventora Adxunta D^a. María Cristina González Santín,

Asiste, de xeito telemático, o deputado provincial D. Daniel García Fernández, quen manifesta que se encontra en territorio español.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	1/54



1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIA E EXTRAORDINARIA CELEBRADAS O DÍA VINTE E CATRO DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E SEIS.

A Sra. Presidenta pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación ás actas das sesións ordinaria e extraordinaria celebradas o día vinte e catro de febreiro de dous mil vinte e seis, e, ao non presentarse ningunha emenda, foron aprobadas por unanimidade.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260331&punto=1>

PARTE RESOLUTIVA

2.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN 2026, VÍA TRANSFERENCIA E SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA O PLAN DEPUTACIÓN 2026.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, do seguinte teor:


“Asunto: Proposta de Modificación do Orzamento da Deputación 2026, vía Transferencia e Suplemento de Crédito para PD2026.

Vistas a memoria e proposta de Presidencia para aprobación do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2026, (en adiante Plan Deputación), e informes do expediente así como o informe de Intervención sobre modificacións de crédito e demais documentación, é preciso adecuar os créditos previstos no orzamento aos necesarios para executar o Plan Deputación mediante transferencia de crédito e, así mesmo, suplementar as dotacións que resultan insuficientes, considerando a necesidade e urxencia de executar as actuacións reflectidas nel, segundo figuran nas memorias que acompañan os expedientes, propónse ao Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:

1) Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento, mediante transferencia de crédito polo importe 11.778.382,85 €, co seguinte detalle:

Aplicacións Orzamentarias	Incremento	Diminución
1330.76201 Ordenación do tráfico e estacionamento	123.486,67 €	
1350.46201 Protección Civil	17.309,24 €	
1350.76201 Protección Civil	12.195,04 €	
1510.76201 Urbanismo	18.021,06 €	
1520.76201 Vivenda	64.719,56 €	

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	2/54





Aplicacións Orzamentarias		Incremento	Diminución
1531.76201	Acceso aos núcleos de poboación	2.255.219,58 €	
1600.76201	Rede de sumidoiros	98.808,65 €	
1610.76201	Abastecementos	669.215,78 €	
1621.76201	Recollida de lixo	29.539,90 €	
1630.76201	Limpeza viaria	98.435,00 €	
1650.76201	Alumeado público	232.233,22 €	
1710.76201	Parques e xardíns	414.492,04 €	
2314.46201	Prestación serv. a persoas depend. e asistencia social	2.041.017,92 €	
2315.76201	Centros de Atencións a Maiores	248.102,84 €	
2410.46201	Fomento do Emprego	3.681.165,24 €	
3240.76201	Func. de centros docentes de ensinanza secundaria	18.595,51 €	
3340.46201	Promoción cultural	420.493,69 €	
3340.76201	Promoción cultural	178.782,97 €	
3410.46201	Promoción e fomento do deporte	199.100,13 €	
3410.76201	Promoción e fomento do deporte	109.523,05 €	
4190.46201	Outras actuacións en agricultura, gandería e pesca	158.528,22 €	
4320.46201	Información e promoción turística	156.206,79 €	
9200.46201	Servizos de carácter xeral	215.042,86 €	
9200.76201	Servizos de carácter xeral	229.601,15 €	
9330.76201	Patrimonio	88.546,74 €	
9420.46201	Transf. Correntes a Ent. Locais Territoriais, Plan Único		4.982.500,00 €
9420.76201	Transf. de Capital a Ent. Locais Territoriais, Plan Único		6.795.882,85 €
TOTAIS		11.778.382,85 €	11.778.382,85 €
TOTAL AREA DE GASTO 1		4.033.675,74 €	
TOTAL AREA DE GASTO 2		5.970.286,00 €	
TOTAL AREA DE GASTO 3		926.495,35 €	
TOTAL AREA DE GASTO 4		314.735,01 €	
TOTAL AREA DE GASTO 9		533.190,75 €	11.778.382,85 €

2) Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento, vía suplemento de crédito polo importe de 10.471.616,08 € co seguinte detalle:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

Aplicacións orzamentarias	Importe
1531.76201 Acceso aos núcleos de poboación	8.646.143,34 €
1532.76201 Pavimentación de vías públicas	1.825.472,74 €
TOTAL	10.471.616,08 €

Financiamento:

Concepto Ingresos	Denominación	Importes
870.00	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais	10.471.616,08 €

3) Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Secretaría Provincial por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no BOP, todo isto aos efectos de

3

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	3/54



reclamacións, considerándose definitivamente aprobado se durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

...”

Dá lectura o Secretario Xeral ao epígrafe da proposta, e pregunta a Presidenta aos Deputados se hai algunha cuestión sobre o asunto e, non habendo, sometese a votación a proposta da Presidencia; a Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda, e Especial de Contas, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. Luís Fernández Guitián e D. Francisco Javier Balado Teijeiro, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260331&punto=2>

3.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN 2026, VÍA SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, do seguinte teor:

“Asunto: Proposta de Modificación do Orzamento da Deputación 2026, vía Suplemento de Crédito.

Visto o informe de Intervención sobre modificación de crédito e demais documentación, é preciso dotar os correspondentes créditos mediante unha modificación de crédito consistente nun suplemento de crédito, considerando a necesidade e urxencia de executar as actuacións reflectidas nel, segundo consta na Memoria, propónse ao Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:


1) Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento, vía suplemento de crédito polo importe de 6.000.000,00 €, co seguinte detalle:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

Aplicacións orzamentarias	Importe
3340.46200 Promoción cultural, Transferencias correntes a Concellos	1.090.000,00 €
3342.22609 Mocidade, Actividades Culturais e Deportivas	70.000,00 €
3410.76200 Deportes, Transferencias de capital a Concellos	50.000,00 €

4

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	4/54





4190.46200	Medio Rural, Transferencias correntes a Concellos	100.000,00 €
4190.48900	Medio Rural, Transf. corr. a familias e inst. sen fins de lucro	100.000,00 €
4190.76200	Medio Rural, Transferencias de capital a Concellos	390.000,00 €
4530.619	Estradas, Invest. de repos. de infr. e bens dest. ao uso xeral	2.000.000,00 €
9201.623	Parque Móbil, Invest. novo en maq., inst. e ferramenta	200.000,00 €
9420.46200	Transferencias a Concellos, Transf. correntes a Concellos	300.000,00 €
9420.76200	Transferencias a Concellos, Transf. de capital a Concellos	1.700.000,00 €
TOTAL		6.000.000,00 €

FINANCIAMENTO:

Concepto Ingresos	Denominación	Importes
870.00	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais	6.000.000,00 €

2) Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Secretaría Provincial por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no BOP, todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

..."

Dá lectura o Secretario Xeral ao epígrafe da proposta, e pregunta a Presidenta aos Deputados se hai algunha cuestión sobre o asunto e, non habendo, sometese a votación a proposta da Presidencia; a Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda, e Especial de Contas, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. Luís Fernández Guitián e D. Francisco Javier Balado Teijeiro, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ao Pleno a súa aprobación."

O Pleno da Corporación, por maioría, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260331&punto=3>

4.- PROPOSTA ADOPCIÓN DE MEDIDAS NO PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO 2025-2026, E DECLARACIÓN DE INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SUSTENTABLES.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, do seguinte teor:

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	5/54



“Asunto: Adopción de medidas no Plan Económico Financeiro 2025-2026, e Declaración de Inversións Financeiramente Sustentables.

Visto o informe de Intervención de avaliación do cumprimento de obxectivos fiscais na liquidación de 2025 da Deputación de Lugo e Consorcio de Bombeiros a nivel consolidado, que contempla a Lei 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOE), e informe de Intervención de adopción de medidas no PEF 2025-2026 e declaración de inversións financeiramente sustentables, incluídos no orzamento 2026 logo das modificacións orzamentarias, aprobadas ou en trámite de aprobación, financiadas con remanente de tesourería para gastos xerais, todo iso para cumprir co obxectivo de regra de gasto previsto no Plan Económico Financeiro período 2026, segundo o artigo 24.3 e a disposición adicional sexta da LOE, habilitada polo RD Lei 15/2025, de 2 de decembro, disposición adicional decimo sexta do TRLRFL, e demais documentos que figuran no expediente, proponse ao Pleno desta Deputación a adopción do seguinte acordo:


Adopción de nova medida no PEF 2025-2026, a efectos de dar cumprimento á regra de gasto no ano 2026, e substitución da medida recollida no PEF para o ano 2026, mediante declaración de IFS polo importe de 7.588.019,39 € co seguinte detalle:

-Transferencias de capital a Concellos segundo o Plan Deputación 2026, con cargo a parte das aplicacións 1531.76201 “Acesos ós núcleos de poboación. Transferencias de capital A Concellos” e 1532.76201 “Pavimentación de vías públicas. Transferencias de capital A Concellos”, polo importe de 589.542,10 € e 356.825,15 € respectivamente. Os inversións dos Concellos detállanse a continuación:

Identificación inversións	Aplicación Orzamentaria	Aportación Deputación
Concello de Riotorto. Obras Vías Públicas, Plan Deputación 2026	2026/1531.76201	75.000,00
Concello de O Vicedo. Obras Vías Públicas, Plan Deputación 2026	2026/1531.76201	133.435,30
Concello de Viveiro. Obras Vías Públicas, Plan Deputación 2026	2026/1532.76201	356.825,15
Concello de Portomarín. Obras Vías Públicas, Plan Deputación 2026	2026/1531.76201	133.693,44
Concello de Palas de Rei. Obras Vías Públicas, Plan Deputación 2026	2026/1531.76201	247.413,36
TOTAL		946.367,25

O total dos inversións financeiramente sustentables do Plan Deputación 2026 no grupo de programa 153 é de 946.367,25 €, estimando a súa execución no 50% no ano 2026 e 50% no ano 2027.

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	6/54





Teñen prevista dotación orzamentaria incluída no grupo de programa 153, e na clasificación económica no capítulo 7º, polo tanto, están dentro dos comprendidos na disposición adicional decimo sexta do TRLRFL.

-Transferencias de capital a Concellos segundo o Plan Deputación 2025, con cargo á aplicación 1531.7620155 “Acesos ós núcleos de poboación. Transferencias de capital A Concellos” polo importe de 438.976,84 €. Os investimentos detállanse a continuación:

Identificación investimentos	Aplicación Orzamentaria	Aportación Deputación
Concello de Láncara. Obras Vías Públicas, Plan Deputación 2025	2026/1531.7620155	234.400,58
Concello de O Páramo. Obras Vías Públicas, Plan Deputación 2025	2026/1531.7620155	204.576,26
TOTAL		438.976,84

O total dos investimentos financeiramente sustentables do Plan Deputación 2025 no grupo de programa 153 é de 438.976,84 €, estimando a súa execución no 100% no ano 2026.

Teñen dotación orzamentaria incluída no grupo de programa 153, e na clasificación económica no capítulos 7º, polo tanto, están dentro dos comprendidos na disposición adicional decimo sexta do TRLRFL.

-Proxectos de investimentos en estradas provinciais financiados con RTGX, no grupo de programa 453 Estradas, comprendido na disposición adicional decimo sexta do TRLRFL, na fase de gasto de retención de crédito, autorización ou compromiso polo importe de 6.202.675,30 €, estimando a súa execución no exercicio 2026 ao 100%:

Fase do gasto	Identificación investimento	Aplicación orzamentaria	Importe
AD	2025/CON_02/000013, REHAB. FIRME RIEGOS GRAVILLA TRAMOS LU-P-0401, LU-P-0405, LU-P-407, LU-P-408, LU-P-409, BALEIRA	2026/4530.61955	211.435,40
AD	ADXUDICACION REHAB. REGOS GRAVILLA TRAMOS LU-P-4905 ""PORTOMARIN(LU-633)-TABOADA"", 10+652 A 24+631 E LU-P-6003 COU	2026/4530.61955	211.750,00
AD	2025/CON_02/000027, REHAB.FIRME LU-P-1602""SAN CRISTIVO (N-VI)-ADAI-ROMEAN(LU-106)"" , PK 3+223 A 8+547, LU-P-1606 ""ADAI(LU	2026/4530.61955	249.922,00
AD	2025/CON_02/000045, CONSTRUC PUENTE RIO AZUMARA, MEJORA LU-P-1611 ""CINTURON COMARCAL"" ,PK 106+500 AL 107+887, POL-CASTROV	2026/4530.61955	648.321,13
AD	2025/CON_02/000046, MEJORA SEGURIDAD VIAL LU-P5501 ""AS RODRIGAS (LU124)-MARCO D ALVARE (N640), PK 4+965 Y 5+765.RIOTORTO	2026/4530.61955	62.241,72
AD	2025/CON_02/000010, ADXUDICACION REHABILITACION DE FIRME LU-P-5712 ""LU-633-BARBADELO"" PQ 0+000 AL 1+212, SARRIA	2026/4530.61955	78.402,65

7

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	7/54



Fase do gasto	Identificación investimento	Aplicación orzamentaria	Importe
AD	2025/CON_02/000028, R. FIRME LU-P-4102 ""FERREIRA-CURRELOS12+000 AL 12+980, R MARCAS VIALES 6+165 AL 11+020.SAVIÑO-PANTO	2026/4530.61955	118.000,00
AD	2025/CON_02/000055, REHAB DE FIRME LU-P-1901 ""FONSAGRADA (LU-530), NAVIA (LU-722)"" PK 4+360 AL 6+430 Y 22+600 AL 25+312.	2026/4530.61955	225.786,00
AD	2025/CON_02/000076, REHAB. DE FIRME LU-P-2901""LU-232-O BURGO-PALAS DE REI(N547)"" , 35+180 A 35+996, PALAS DE REI	2026/4530.61955	83.986,00
AD	2025/CON_02/000105, REHABILITACION DE FIRME LU-P-2902 ""LUGO-PONTE DE OMBREIRO"" , PK 0+000 A 2+580, LUGO	2026/4530.61955	210.992,00
AD	2025/CON_02/000108, REHAB. FIRME REGOS GRAVILLA LU-P-1107 ""CASTRO(LU-115)-RABADE (N-VI)"" , PK 4+300 A 13+226, CASTRO REI	2026/4530.61955	163.577,43
AD	2025/CM2_04/000877, VIAS E OBRAS, REHABI FIRME LUP5901,SOBER-CANABAL-FERREIRA (N-120A) TRAMO ANTIGUO, PK 0+400 AL 1+600	2026/4530.61955	47.674,00
AD	2025/CM2_04/001002, VIAS E OBRAS, REHABILIT FIRME LU-P-5905 ""CANABAL (LU-P-5902)- PENACABREIRA (LU-P-5901A)"" .SOBER	2026/4530.61955	47.190,00
AD	2025/CM2_04/001160, MELLORA SEGURIDADE VIAL EN LU-P-1503 ""RIO COVO(LU-P-1504)-TRASBAR-VILAESTROFE(LU-P-1502)"" , LU-P-1509	2026/4530.61955	47.847,72
AD	2025/CM2_04/000237, S. VIAS E OBRAS, MEJORA DE DRENAJE. PK 1+860 AL 1+980. GUNTIN LU-P-2901 E FRIOL LU-P-2118	2026/4530.61955	46.883,35
AD	REH. FIRME LU-P-0610 ""ENLACE PRAIAS ALTAR - REINANTE - GLORIETA AS CATEDRAIS""PK 0+150 A 1+422. NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE	2026/4530.61955	206.355,82
AD	2025/CON_02/000061, REHABILITACION DE FIRME LU-P-1611 ""CINTURON COMARCAL"" , PK 9+020 A 10+725. O CORGO.	2026/4530.61955	140.942,00
AD	2025/CON_02/000064, REHAB. DE FIRME LU-P-3506 ""LOUXAS(LU-P-1901)-LTE. PROV. ASTURIAS(VALDEFERREIROS)"" , PK 0+000 A 4+483	2026/4530.61955	324.772,05
AD	ADXUDICACION O/VICEDO.-REH FIRME LU-P-6401 ""SUEGOS (LU-862) - FALCOEIRA (LÍM. PROVINC.),(...) NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE	2026/4530.61955	328.092,42
AD	ADXUDICACION O/PONTENOVA-TRABADA. REH FIRME LU P 6102 PONTEPEDRIDO (N-640) - VILAFORMÁN -(...) NEGOCIADO SEN PUBLIC.	2026/4530.61955	187.817,74
AD	ADXUDICACION O/CHANTADA - CARBALLED0.- R. FIRME REGOS CON GRAVILLA POR TRAMOS LU-P-1801(...) NEGOC. SEN PUBLICIDADE	2026/4530.61955	313.199,82
A	2025/CON_02/000128, ACT. VARIAS LU-P-3003""MEIRA(N-640)-SESELLE(LU-P-4404)""PK 0+000 A 5+944, LU-P-3005""COUSO(LU-751)-VILA	2026/4530.61955	221.397,20
A	2025/CON_02/000129, REHAB. RIEGOS GRAVILLA LU-P-3108""VILOALLE(LU-160)-FIGUEIRAS"" , PK 7+050 A 9+654, MONDOÑEDO	2026/4530.61955	79.698,07

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verfirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	8/54





Fase do gasto	Identificación investimento	Aplicación orzamentaria	Importe
A	2025/CON_02/000130, REH FIRME REGOS GRAVILLA LU-P-4104""SEGUIN(N-120A)-POMBEIRO-OS PEARES(N-120A)"" ,PK0+000A15+365, PANTON	2026/4530.61955	103.963,88
RC	2025/CON_02/000136, REHABILITACION DE FIRME LU-P-3006""MEIRA(N-640)FONMIÑA(LU-122)"" , PK 1+120 A 1+935, A PASTORIZA	2026/4530.61955	48.405,20
AD	2025/CON_02/000041, REHABIL DE FIRME LU-P-1106 ""CASTRO DE REI (LU-P-1611)-REIGOSA-CAMPO DO OSO (LU-125)"" Y PASTORIZA	2026/4530.61955	433.909,01
AD	2025/CON_02/000047, ACONDIC LU-P-1301 ""SEOANE COUREL (LU651)-HOSPITAL (LU633) E RAMAIS PIÑEIRA E LOUSADA-VILELA. PIEDRAF	2026/4530.61955	120.055,13
A	ADXUDICACION OBRA XOVE:ACTUAC. VARIAS LU-P-2601 ""XOVE (LU-862)-PORTIÑO DE MORAS (LU-P-2602)"" P.K. 2 +850 A 5 + 285 ...	2026/4530.61955	409.201,82
A	ADXUDICACION OBRA PORTOMARIN ""REHABIL. FIRME REGOS CON GRAVILLA LU-P-4905""PORTOMARIN(LU-633)-TABOADA""P.K.0+000 A 10+652	2026/4530.61955	129.564,70
A	ADXUDICACION OBRA DE SOBER: REHAB. DE FIRME CON REGOS GRAVILLA POR TRAMOS LU-P-5903""SOBERDOADE (LU-903)""PK 1+370	2026/4530.61955	103.633,70
A	ADXUDICACION REHAB. FIRME LU-P-4802""SANTALLA-NAVALLO-PONTE SOUTELO(LU-P-4606)"" , PK 19+765 A 22+933,PARTE ANO 2025	2026/4530.61955	51.524,84
A	ADXUDIC.OBRA:MURAS.-REHAB. FIRME LU-P-3402""A GAÑIDOIRA (LU-540A)-VIVEIRO (LU-P-6502)"" PK. 0+000 A 2+915(MBC) E LU-P-6502	2026/4530.61955	51.824,97
RC	2025/CON_02/000137, ANUALID. 2025_REHAB. FIRME LU-P-1611 CINTURON COMARCAL, 56+745 A 62+175, 125+850 A	2026/4530.61955	494.307,53
Total proxectos de obras			6.202.675,30

...

Dá lectura o Secretario Xeral ao epígrafe da proposta, e pregunta a Presidenta aos Deputados se hai algunha cuestión sobre o asunto e, non habendo, sometese a votación a proposta da Presidencia; a Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda, e Especial de Contas, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. Luís Fernández Guitián e D. Francisco Javier Balado Teijeiro, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ao Pleno a súa aprobación."

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260331&punto=4>

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	9/54



5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN DEPUTACIÓN 2026.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da Sra. Presidenta do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaría Xeral, relativo ao Plan Deputación de cooperación cos concellos 2026, que dispón o seguinte:

“PRIMEIRO. O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o 30/12/2025 acordou prestar aprobación ás bases do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2026.


SEGUNDO.- No BOP nº 04, de data 07/01/2026, publicáronse as ditas bases do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2026, nas que se establecía un prazo de presentación de solicitudes de un (1) mes a partires do día seguinte á publicación destas no BOP.

TERCEIRO.- Todos os concellos presentaron as súas propostas en prazo, requiríndolles aclaracións ou documentación de engádega a aqueles que ou ben non estaba completa ou se necesitaba de algunha aclaración ou corrección de erro, aceptando todas as propostas dos concellos, xa foran feitas inicialmente ou logo das correccións ou engádegas efectuadas. Trámites que se desenvolveron ponderando especialmente os principios marcados polo artigo 3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, nas relacións entre as administracións públicas, así como os deberes de colaboración do artigo 141 LRXSP e o establecido nas propias bases (base 5.1).

CUARTO.- Pola Unidade de Obras e Plans –Servizo de Contratación e Fomento-, con responsabilidade na elaboración do plan, unha vez recibidas as solicitudes dos Concellos, pasouse ao estudo e análise destas, para a súa comprobación, dando traslado das solicitudes e demais documentación aos distintos servizos ou áreas encargadas da xestión segundo o programa de que se trate, a fin de que emitan informe relativo ao cumprimento do estipulado nas bases.

QUINTO.- Así mesmo, comprobouse o cumprimento da determinación especificada na base 5, relativa a que a suma dos importes destinados aos programas B4 (actividades culturais); B5 (actividades deportivas); B6 (actuacións/eventos turísticos); B7 (feiras, mercados ou análogos) e B8 (administración electrónica e protección de datos) non superan o 30% da contía atribuída a cada Concello nesta anualidade do Plan Deputación, tal como establecen as bases (base 9).

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	10/54





SEXO.- Polos distintos Servizos, Seccións ou Unidades encargadas da xestión dos diferentes programas incluídos no Plan Deputación 2026 emitíronse informes relativos ao cumprimento das bases, así incorpóranse ao expediente os informes relativos a:

- Programa de axuda no fogar: Informe do Servizo de Benestar Social e Igualdade con CSV: IV7RQSHDDFO63SNOYVNWAUZOK4
- Programa Reforzo do Emprego: Informe do Servizo de Emprego con CSV: IV7RQDLTAFR4JS7D6ZPHKUKREQ
- Programa de actividades culturais : Informe do Servizo de Cultura con CSV: IV7RQUJ2DZRK7JNC6I4XF4JTKE
- Programa de actividades deportivas: Informe do Servizo de Deportes con CSV: IV7RQG32LU725CHOCD4EGVLSF4
- Programa relativo a actuacións/eventos turísticos: Sección Turismo con CSV: IV7RQCYJDF5L52PTRV6QLZLUIA
- Programas relativo a feiras, mercados e outros e Protección Civil: Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento con CSV: IV7RQUCTLQJSR2N4CA7BKD2WIE
- Programa de Administración electrónica e protección de datos: Informe do Servizo de Novas tecnoloxías con CSV: IV7RQUANABBC5OVLCQH4P5RDEE

SETIMO.- En canto ao programa de investimentos, encargouse esta Unidade de Obras e Plans. Comprobase que todos os Concellos destinaron a investimentos como mínimo o 50% do total asignado neste Plan Deputación e que como mínimo o 60% do importe obrigatorio para investimentos, se destina arranxo, reparación e mellora de vías públicas municipais, de acordo co establecido nas bases (base 2.b.1).

Ademais, todos os concellos destinaron, dos seus recursos, o importe determinado como contía mínima consonte co establecido nas bases, que se correspondía coa mesma aportación que fixeron ao POS na anualidade 2016 (base 1.2).

Igualmente constátase que o Concello de Lugo destina o total da achega a investimentos como así o establece a disposición adicional primeira das bases deste plan Deputación 2026.

OITAVO.- Pola Unidade de Obras e Plans do Servizo de Contratación e Fomento, á vista das propostas recibidas dos Concellos e dos informes das áreas xestoras dos distintos programas do Plan Deputación, procedeuse á elaboración de dito Plan Deputación 2026 resultante, estruturado segundo os distintos obxectos e programas

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	11/54



solicitados, tal como se establece nas bases, do cal se incorpora copia, ao igual que da memoria do amentado Plan Deputación 2026.

NOVENO.- Ademais, indícase que se cumpren os mínimos esixidos en canto a investimentos e SAF, así como o estipulado como teito de gasto para os programas b4 (actividades culturais); B5 (actividades deportivas); B6 (actuacións/eventos turísticos); B7 (feiras, mercados ou análogos) e B8 (administración electrónica e protección de datos), que non superan o 30% da contía atribuída a cada Concello nesta anualidade do Plan Deputación 2026, tal como establecían as bases.

Doutra banda, na tramitación do plan deuse participación aos concellos, consonte ao previsto no artigo 32.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de abril, polo que se aproba o TRLRL, sendo eles quen propoñen as actuacións/eventos/investimentos, indicando estes que consultaron, e indican se os investimentos propostos figuran ou non como déficit na enquisa de infraestruturas e equipamentos locais, e aceptando todas as solicitudes dos concellos nos termos propostos, dentro da súa autonomía municipal.

Co Plan Deputación 2026, materializase un instrumento preponderante de cooperación cos municipios, de acordo co previsto no artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril (LBRL).


DECIMO.- En base ao disposto na Disposición adicional terceira das bases deste plan, “a deputación queda facultada pola adhesión dos concellos ao Plan Deputación, para comprobar de oficio que cada concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Estado coa Comunidade Autónoma, coa Seguridade Social e coa propia Deputación provincial”, tanto para a tramitación de anticipos como para o aboamento dos importes resultantes da presentación das contas xustificativas.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Incorporase ao expediente memoria do Plan Deputación 2026.

Visto o antedito, cos datos e informes obrantes neste Servizo de Contratación e Fomento, e a xuízo dos informantes, cúmprense os requisitos establecidos nas bases do Plan Deputación de cooperación cos concellos 2026, polo que se informa favorablemente:

1. A aprobación do Plan Deputación de Cooperación cos concellos 2026, con CSV: IV7RS6DSHEV55DVPCZ7VKVDPGE de acordo cos informes das distintas áreas xestoras e a memoria da Presidencia, do que resultan os seguintes importes globais por programas.

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	12/54





Programa	Achega Deputación	Achega Concellos ou outras fontes de financiamento	TOTAL
1.- Investimentos	15.361.134,84€	1.669.614,40€	17.030.749,24 €
2.- Axuda no fogar –SAF	2.041.017,92€	1.299.809,14€	3.340.827,06 €
3.- Reforzo do Emprego	3.681.165,24€	54.243,88€	3.735.409,12 €
4.- Actividades Culturais	420.493,69€	17.348,13€	437.841,82 €
5.- Actividades deportivas	199.100,13€	83.764,14€	282.864,27 €
6.- Actuacións/Eventos turísticos	117.030,46€	39.363,50€	156.393,96 €
7.- Feiras, mercados e outros	197.704,55€	79.654,84€	277.359,39 €
8.- Administración electrónica e protección de datos	215.042,86€	20.500,00€	235.542,86 €
9.- Protección civil	17.309,24€	0,00€	17.309,24 €
TOTAIS	22.249.998,93 €	3.264.298,03 €	25.514.296,96 €

- Determinar que non se tramitarán anticipos ao abeiro do Plan Deputación 2026 ata que a modificación orzamentaria no orzamento de 2026, necesaria para o financiamento do plan, sexa efectiva.
- Comunicar aos concellos a aprobación do Plan e determinar a súa publicación na páxina Web, debendo os concellos respectar as bases e o plan aprobado en canto á súa execución e xustificación.

E canto procede informar, se prexuízo e con sometemento a calquera outro mellor criterio fundado en dereito”.

Visto o anterior, por esta Presidencia propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

- Aprobar o Plan Deputación de Cooperación cos concellos 2026, con CSV: IV7RS6DSHEV55DVPCZ7VKVDPGE, de acordo cos informes das distintas áreas xestoras e a memoria da Presidencia, adxunto como anexo I, do que resultan os seguintes importes globais por programas.

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	13/54



Programa	Achega Deputación	Achega Concellos ou outras fontes de financiamento	TOTAL
1.- Invetimentos	15.361.134,84€	1.669.614,40€	17.030.749,24 €
2.- Axuda no fogar –SAF	2.041.017,92€	1.299.809,14€	3.340.827,06 €
3.- Reforzo do Emprego	3.681.165,24€	54.243,88€	3.735.409,12 €
4.- Actividades Culturais	420.493,69€	17.348,13€	437.841,82 €
5.- Actividades deportivas	199.100,13€	83.764,14€	282.864,27 €
6.- Actuacións/Eventos turísticos	117.030,46€	39.363,50€	156.393,96 €
7.- Feiras, mercados e outros	197.704,55€	79.654,84€	277.359,39 €
8.- Administración electrónica e protección de datos	215.042,86€	20.500,00€	235.542,86 €
9.- Protección civil	17.309,24€	0,00€	17.309,24 €
TOTAIS	22.249.998,93 €	3.264.298,03 €	25.514.296,96 €


2. Determinar que a aprobación de anticipos inherentes ao Plan Deputación quede condicionado á entrada en vigor da modificación orzamentaria no presuposto de 2026, necesaria para facer fronte aos investimentos e actividades, non tramitándose anticipos ata que dita modificación sexa efectiva.
3. Comunicar aos Concellos a aprobación do Plan Deputación 2026.
4. Publicar o acordo de aprobación e o Plan na páxina web da Deputación Provincial.”

Os membros da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade, acordan prestar aprobación a proposta presentada e eleva-la ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260331&punto=5>

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	14/54





6.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO CADRO DE PERSOAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA O ANO 2026.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da Deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“

I. ANTECEDENTES.

A Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 26.1.b e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, artigos 113, 114 e 115, establece como obriga das Deputacións a cooperación na asistencia xurídica, económico-financeira e técnica a favor dos municipios, garantindo unha prestación integral e axeitada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal.

Na Deputación de Lugo, conséntase un incremento da demanda do exercicio de funcións reservadas a habilitados, funcións obrigadas en todos os Concellos é cuxa garantía de prestación é competencia da Deputación Provincial nos de menos de mil habitantes (artigo 36.1.c da Lei 7/1985), pero que está sendo demandada en concellos con poboación moi superior. Neste mesmo ámbito é de resaltar a demanda de asistencia económico-financeira e, moi especialmente, da realización da contabilidade e rendemento de contas.

Á vista da situación descrita, para cumprir coas demandas do servizo e das competencias que a lei atribúe ás Deputacións provinciais, faise necesario e urxente reforzar o Servizo de Cooperación e Asistencia aos concellos, de cara a garantir a prestación integral dos servizos públicos de proximidade, que tan decisivamente determinan a calidade de vida dos cidadáns.

Para seguir adaptando a estrutura da Entidade e garantir a dispoñibilidade dos efectivos necesarios para asegurar unha xestión eficiente dos servizos de competencia provincial, en especial daqueles que teñen repercusión directa na cidadanía, fórmase esta proposta de modificación do Cadro de Persoal e RPT para o ano 2026. O obxectivo é crear as prazas necesarias para dar resposta ás necesidades prioritarias dos servizos, de acordo coas súas demandas. Deste xeito, preténdese cumprir cun obxectivo prioritario para esta Presidencia, reforzando o sistema de cooperación dos Concellos máis pequenos e con menos recursos , en coherencia cos

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	15/54



principios de racionalidade, economía e eficiencia, establecidos no artigo 90.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

II. NORMATIVA DE APLICACIÓN.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023.

III. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

A normativa de aplicación referida ao Cadro de Persoal está recollida nos seguintes artigos:

- Artigo 90.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local:

"Corresponde a cada Corporación Local aprobar anualmente, a través do Orzamento, o cadro de persoal, que deberá comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual.

Os Cadros de Persoal deberán responder aos principios de racionalidade, economía e eficiencia e establecerse de acordo coa ordenación xeral da economía, sen que os gastos de persoal poidan superar os límites que se fixen con carácter xeral".


- Artigo 126 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local:

"1. Os Cadros de Persoal, que deberán comprender todos os postos de traballo debidamente clasificados reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, aprobaranse anualmente con ocasión da aprobación do Orzamento e haberán de responder aos principios enunciados no artigo 90.1 da Lei 7/1985 do 2 de abril. A elas uniranse os antecedentes, estudos e documentos acreditativos de que se axustan aos mencionados principios.

2. Os cadro de persoal poderán ser ampliadas nos seguintes supostos:

- a) Cando o incremento do gasto quede compensado mediante a redución doutras unidades ou capítulos de gastos correntes non ampliables.

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	16/54





- b) Sempre que o incremento das dotacións sexa consecuencia do establecemento ou ampliación de servizos de carácter obrigatorio que resulten impostos por disposicións legais.

O establecido neste apartado será sen prexuízo das limitacións específicas contidas en leis especiais ou conxunturais.

3. A modificación dos cadros de persoal durante a vixencia do Orzamento requirirá o cumprimento dos trámites establecidos para a modificación daquel.”

- Artigo 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local:

“Unha vez aprobado o Cadro de Persoal (...), remitirase copia á Administración do Estado e, no seu caso, á da Comunidade Autónoma respectiva, dentro do prazo de trinta días, sen prexuízo da súa publicación íntegra no “Boletín Oficial da Provincia”, xunto co resumo do Orzamento”.

- Artigo 107.1 f) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia:

“1. Corresponden, en todo caso, ao Pleno as seguintes atribucións:

(...)

f) A aprobación do Cadro de Persoal, (...), todo elo nos termos da lexislación básica e da presente Lei.”

IV.PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO CADRO DE PERSOAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA O ANO 2026.

A modificación puntual do cadro de persoal neste ano 2026 consistirá:

1.1. CREACIÓN DE PRAZAS DE FUNCIONARIOS CON HABILITACIÓN NACIONAL

1.1.1. PERSOAL FUNCIONARIO

Nº	DENOMINACIÓN PRAZA	Gr/ Sub	Nº Praza	Nº Posto	DENOMINACIÓN POSTO	Servizo
1	SECRETARIO - INTERVENTOR	A/A1	1083	1915	SECRETARIO-INTERVENTOR	ASISTENCIA XURÍDICA, TÉCNICA E ECONÓMICA AOS CONCELLO
1	SECRETARIO-INTERVENTOR	A/A1	1084	1916	SECRETARIO-INTERVENTOR	ASISTENCIA XURÍDICA, TÉCNICA E ECONÓMICA AOS CONCELLO
TOTAL: 2						

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	17/54



V. MOTIVACIÓN DA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO CADRO DE PERSOAL DA DEPUTACIÓN DE LUGO PARA O ANO 2026.

Conforme á normativa sinalada anteriormente e atendendo ás necesidades da Entidade, adecúase o Cadro de persoal para o ano 2026 conforme ós seguintes criterios:

- Creación de prazas de persoal funcionario para reforzar e atender servizos de competencia provincial en áreas clave da Entidade, que requiren persoal especializado, cualificado e estrutural, co fin de garantir a súa xestión eficiente e sostible. Esta medida responde á necesidade de asegurar o axeitado funcionamento e á calidade dos servizos que a Entidade ofrece á cidadanía, contribuíndo ao desenvolvemento social, cultural, económico e administrativo da Provincia.


Tendo en conta os criterios anteriores propónse:

- Creación de 2 prazas de habilitados nacionais Secretarios-Interventores(concurso) adscritos ao Servizo de asistencia xurídica, técnica e económica aos Concellos conforme o informe da Xefa de Servizo, do seguinte teor literal:

“O artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL, en adiante), na letra b) do punto primeiro, establece, como competencia propia das Deputacións Provinciais, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión sendo a garantía da prestación dos servizos de secretaría e intervención nos municipios de menos de 1.000 habitantes. O artigo 109 b) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia establece, no mesmo sentido que a normativa estatal, como competencia propia das Deputacións Provinciais, en calquera caso, a de prestar asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente aos que teñan menor capacidade económica e de xestión.

Pola súa parte o artigo 16 do Real Decreto 128/2018, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional establece en canto aos servizos de asistencia, que as funcións reservadas a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, en entidades Locais eximidas, serán exercidas, polas Deputacións Provinciais, Cabildos, Consellos insulares ou entes supramunicipais.

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	18/54





As Deputacións Provinciais, Cabildos, Consellos insulares ou entes supramunicipais incluírán, nas súas relacións de postos de traballo, os reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional necesarios para garantir o cumprimento de tales funcións. En todo caso garantirán nos municipios de menos de 1.000 habitantes a prestación dos servizos de secretaría e intervención e tesourería e recadación.

O artigo 55 do Real Decreto 128/2018, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional establece que nos casos de ausencia, enfermidade ou abstención legal ou regulamentaria de funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional en municipios de menos de 1.000 habitantes, a petición da Corporación interesada, a Administración ou Corporación Local que atenda os servizos de asistencia poderá comisionar a un funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional para a realización de cometidos especiais de carácter circunstancial, polo tempo imprescindible.

O vixente Regulamento do Servizo de Asesoramento e Asistencia Xurídica, Económico-Financeira e Técnica aos Concellos da Deputación Provincial de Lugo, no seu Capítulo VI (artigos 47 a 49) publicado no BOP número 109 do 15 de maio de 2009) recolle, dentro do ámbito do servizo de asistencia, a prestación das funcións reservadas aos funcionarios con habilitación de carácter nacional para a realización de cometidos específicos de carácter circunstancial e polo tempo imprescindible por ausencia, dispensas, enfermidade e abstención legal do titular do posto de traballo.

Considerando as competencias que en materia de funcións reservadas a normativa vixente atribúe á Deputación así como as restantes que configuran a cooperación xurídica, técnica e económica aos Concellos segundo o referido Regulamento.

Considerando que na actualidade a maioría dos concellos da provincia de Lugo teñen menos de 5.000 habitantes (55 dun total de 67) dos cales trinta teñen menos de 2.000 habitantes, e dos que dez non alcanzan os 1.000 habitantes, e as dificultades para provisionar os postos reservados a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, especialmente nos de menor poboación, o que supón a parálise da actividade municipal debido as funcións públicas necesarias en tódalas Corporacións que este funcionarios teñen reservadas ao abeiro do disposto nos artigos 2 a 5 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo.

Considerando a crecente demanda do exercicio destas funcións reservadas así como no ámbito da asistencia económica financeira para levar e desenvolver a

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	19/54



contabilidade financeira e de execución do orzamento e a formación e rendición das contas.

Visto que actualmente o Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concello só dispón no seu cadro de persoal de dous postos reservados a funcionarios de administración local con habilitación nacional para a prestación dos servizos de secretaría e intervención, funcións fundamentais para o normal funcionamento do aparato administrativo municipal. Que a un dos postos se lle engaden as tarefas propias da xefatura da área e se veñen asumindo desde este Servizo as funcións de substitución da Secretaría Xeral.

Por todo o exposto, considérase que para una prestación óptima das funcións que a normativa vixente atribúe á Deputación en materia de asistencia xurídica e económica-financiera sería preciso contar neste Servizo con dúas prazas máis de funcionarios de administración local con habilitación nacional, da subescala de secretaría-intervención.

De acordo co exposto no parágrafo anterior é necesario incorporar ao Cadro de persoal do ano 2026 as prazas de carácter estrutural mencionadas anteriormente para dar incremento da demanda do exercicio de funcións reservadas a habilitados, funcións obrigadas en todos os Concellos é cuxa garantía de prestación é competencia da Deputación Provincial nos de menos de mil habitantes (artigo 36.1.c da Lei 7/1985), pero que está sendo demandada en concellos con poboación moi superior. Neste mesmo ámbito é de resaltar a demanda de asistencia económico-financiera e, moi especialmente, da realización da contabilidade e rendemento de contas.

Do contido desta proposta foron informadas, na reunión da Mesa Xeral de Negociación celebrada o 20.03.2026, as representacións das organizacións sindicais UGT, CCOO, CSI-F e CIG, a Xunta de Persoal e o Comité de Empresa.

O cadro de persoal quedaría así:

MODIFICACION CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO 2026
 ORZAMENTO 2026

FUNCIONARIOS CON HABILITACIÓN DE CARACTER NACIONAL

Denominación Praza	Grupo	Total	Ocupada	Vacante	V. Non dotada
SECRETARIO-INTERVENTOR	A/A1	3	0	3	0
TOTAL MODIFICACIÓN FUNCIONARIOS CON H. DE CARACTER NACIONAL		3	0	3	0

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	20/54





O Cadro de Persoal resultante das modificacións sinaladas consta no expediente correspondente integrado pola seguinte documentación:

- Proposta do servizo Asistencia xurídica, técnica e económica aos Concellos para modificación do Cadro de persoal 2026
- Información MXN Proposta para a modificación do Cadro de persoal 2026
- Proposta de modificación puntual do Cadro de persoal 2026
- Informe do servizo de RRHH sobre a modificación puntual do Cadro de persoal 2026
- Estudo de custos da creación de prazas 2026
- Modificación do Cadro de persoal funcionario resultante da creación.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25: votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do señor deputado non adscrito); abstencións, 12 (correspondentes aos señores deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que a señora Presidenta declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260331&punto=6>

7.- MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO (RPT) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA O ANO 2026.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da Deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“

I. ANTECEDENTES.

A Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 26.1.b e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, artigos 113, 114 e 115, establece como obriga das Deputacións a cooperación na asistencia xurídica,

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	21/54



económico-financiera e técnica a favor dos municipios, garantindo unha prestación integral e axeitada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal.

Na Deputación de Lugo, constátase un incremento da demanda do exercicio de funcións reservadas a habilitados, funcións obrigadas en todos os Concellos é cuxa garantía de prestación é competencia da Deputación Provincial nos de menos de mil habitantes (artigo 36.1.c da Lei 7/1985), pero que está sendo demandada en concellos con poboación moi superior. Neste mesmo ámbito é de resaltar a demanda de asistencia económico-financiera e, moi especialmente, da realización da contabilidade e rendemento de contas.

Á vista da situación descrita, para cumprir coas demandas do servizo e das competencias que a lei atribúe ás Deputacións provinciais, faise necesario e urxente reforzar o Servizo de Cooperación e Asistencia aos concellos, de cara a garantir a prestación integral dos servizos públicos de proximidade, que tan decisivamente determinan a calidade de vida dos cidadáns.


Para seguir adaptando a estrutura da Entidade e garantir a dispoñibilidade dos efectivos necesarios para asegurar unha xestión eficiente dos servizos de competencia provincial, en especial daqueles que teñen repercusión directa na cidadanía, fórmulase esta proposta de modificación puntual da RPT para o ano 2026. O obxectivo é crear as prazas necesarias para dar resposta ás necesidades prioritarias dos servizos, de acordo coas súas demandas. Deste xeito, preténdese cumprir cun obxectivo prioritario para esta Presidencia, reforzando o sistema de cooperación dos Concellos máis pequenos e con menos recursos, en coherencia cos principios de racionalidade, economía e eficiencia, establecidos no artigo 90.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Tendo en conta a proposta de modificación do Cadro de Persoal desta Entidade para o ano 2026; constatándose que na mesma se crean dúas prazas que repercuten directamente na Relación de Postos de Traballo (RPT), é obrigado adecuar o mencionado texto creando os postos conforme se deriva das modificacións do Cadro de Persoal co obxecto de manter a homoxeneidade e coherencia entre ambas propostas, que consistirá:

1.1. CREACIÓN DE PRAZAS DE FUNCIONARIOS CON HABILITACIÓN NACIONAL

1.1.1. PERSOAL FUNCIONARIO

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	22/54





Nº	DENOMINACIÓN POSTO	Nº Posto	Esc/ Sub	Gr/ Sub	REXIME XURÍDICO	TP	FP	Servizo
1	SECRETARIO INTERVENTOR	1915	HN/SI	A/A1	F	S	C	ASISTENCIA XURÍDICA, TÉCNICA E ECONÓMICA AOS CONCELLO
1	SECRETARIO-INTERVENTOR	1916	HN/SI	A/A1	F	S	C	ASISTENCIA XURÍDICA, TÉCNICA E ECONÓMICA AOS CONCELLO
TOTAL: 2								

1.2 Modificación posto Secretario interventor adscrito ao Servizo de asistencia xurídica, técnica e económica aos Concellos para adaptalo a normativa actual dado que unicamente pode estar aberto a Grupo A , subgrupo A1

Nº	DENOMINACIÓN POSTO	Nº Posto	Esc/ Sub	Gr/ Sub	REXIME XURÍDICO	TP	FP	Servizo
1	SECRETARIO INTERVENTOR	1415	HN/SI	A/A1	F	S	C	ASISTENCIA XURÍDICA, TÉCNICA E ECONÓMICA AOS CONCELLO

En consecuencia, tendo en conta o informe de Intervención , de Recursos Humanos e do Secretario, que constan no expediente, proponse ao Pleno da Deputación provincial, órgano competente conforme determina o artigo 32.2 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local e previo ditame da comisión informativa:

Primeiro.- Aprobar a modificación da Relación de Postos de Traballo, coas modificacións derivadas da negociación colectiva e dos informes achegados ao expediente, de acordo co seguinte desglose:

1.1. CREACIÓN DE PRAZAS DE FUNCIONARIOS CON HABILITACIÓN NACIONAL

Nº	DENOMINACIÓN POSTO	Nº Posto	Esc/ Sub	Gr/ Sub	REXIME XURÍDICO	TP	FP	Servizo
1	SECRETARIO INTERVENTOR	1915	HN/SI	A/A1	F	S	C	ASISTENCIA XURÍDICA, TÉCNICA E ECONÓMICA AOS CONCELLO

23

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	23/54



1	SECRETARIO-INTERVENTOR	1916	HN/SI	A/A1	F	S	C	ASISTENCIA XURÍDICA, TÉCNICA E ECONÓMICA AOS CONCELLO
TOTAL: 2								

1.2 Modificación posto Secretario interventor adscrito ao Servizo de asistencia xurídica, técnica e económica aos Concellos para adaptalo a normativa actual dado que unicamente pode estar aberto a Grupo A, subgrupo A1

Nº	DENOMINACIÓN POSTO	Nº Posto	Esc/ Sub	Gr/ Sub	REXIME XURÍDICO	TP	FP	Servizo
1	SECRETARIO INTERVENTOR	1415	HN/SI	A/A1	F	S	C	ASISTENCIA XURÍDICA, TÉCNICA E ECONÓMICA AOS CONCELLO

Segundo: Publicar integramente a citada relación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación Provincial de Lugo por un prazo de 20 días para presentación de alegacións, no caso de non presentarse alegacións entenderase definitivamente aprobado.

Terceiro. Remitir unha copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvareño, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25: votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do señor deputado non adscrito); abstencións, 12 (correspondentes aos señores deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que a señora Presidenta declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260331&punto=7>

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	24/54





8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO, ORDENANZA DE PREZO PÚBLICO E REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO SERVIZO PÚBLICO DE ATENCIÓN RESIDENCIAL NOS CENTROS ATENCIÓN AS PERSOAS MAIORES DE XESTIÓN DIRECTA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta do deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“Pablo Rivera Capón en calidade de deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, en relación ao asunto de referencia expón:

PRIMEIRO.- A Deputación Provincial de Lugo, no ano 2010, asumindo o seu papel de apoio e cooperación cos Concellos a prol de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, promovendo e asegurando a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia local, co nomeado énfase nos de menor tamaño de poboación, en atención á situación sociodemográfica de sobreenvellecemento da súa poboación, con especial repercusión nas zonas rurais e sendo coñecedora dos recursos existentes cos que contaba a provincia, iniciou un proxecto ambicioso á vez que necesario para dar resposta a unha necesidade máis que evidente e manifesta, en concreto, *a posta en marcha de pequenos centros de atención a persoas maiores no eido rural en colaboración cos concellos da provincia.*

Así, neste senso de desenvolver un sistema de prestacións en rede, artellouse uns convenios de colaboración interadministrativa, en concreto: un Convenio Marco, interadministrativo de cooperación, entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores e un Convenio Específico para a prestación compartida de servizos nos centros de atención a persoas maiores, aos cales adheríronse os concellos de Castroverde, A Fonsagrada, Meira, Navia de Suarna, Pedrafita do Cebreiro, Pol, Ribadeo, Ribas de Sil e Trabada.

Estes convenios de cooperación citados fixaban as liñas comúns de desenvolvemento, financiamento, organización, coordinación, dirección, xestión e funcionamento das prestacións propias dos CAMS dos citados Concellos; implantaban e aplicaban unha regra da prioridade por veciñanza e proximidade xeográfica, a fin de manter ás persoas maiores no seu entorno vital, familiar e social; e establecía o carácter homoxéneo das prestacións en todo o territorio provincial, garantindo estándares

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	25/54



mínimos de calidade, prestacións e prezos a pagar polas persoas usuarias. Os Convenios nomeados foron modificados mediante a formalización de addendas, destacando a modificación levada a cabo para prorrogar o prazo de vixencia e da execución ata 20.06.2026, momento no que remataría dita colaboración interadministrativa regulada nos Convenios Marcos e nos Convenios Específicos para a prestación compartida de servizos nos CAMS.

Cada un dos concello sinalados, en cumprimento do citado convenio Marco, aprobaron unha ordenanza de acceso para o servizo de atención residencial, así como unha ordenanza de prezo público e un regulamento de réxime interno para o citado servizo, sendo homoxéneas entre os diferentes concellos.

SEGUNDO.- Segundo a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, a xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos é competencia dos concellos e a Administración xeral da Comunidade Autónoma promoverá a formalización de convenios administrativos de colaboración entre ela e as entidades locais para a súa creación, xestión e o mantemento de servizos sociais, en especial no que respecta aos servizos comunitarios específicos (caso que nos atopamos), co fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, así como ,os criterios de economía, eficiencia, eficacia na xestión, e o uso racional dos recursos públicos, *con independencia da concreta administración titular dos centros*. Ao servizo de Benestar Social e Igualdade, que actualmente ten asignada a xestións dos CAMS, non lle consta a existencia de ningún convenio administrativo de colaboración entre os concellos citados e a Administración xeral da Comunidade Autónoma, para a xestión e mantemento dos servizos comunitarios específicos que neste informe nos ocupa.

Neste contexto, e tendo en conta que a Lei 13/2008, establece que as deputacións, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais, considerouse necesario e preciso artellar un novo marco xurídico, que establecera as novas bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e os citados concellos, para levar a cabo as actuacións derivadas das prestación dos servizos enmarcados nos centros de atención a persoas maiores, isto é, unha nova proposta de xestión, tendo en conta o prazo de vixencia do actual sistema de colaboración interadministrativa de cooperación, co obxecto de protexer os servizos sociais públicos e mantendo os criterios de economía, eficiencia, eficacia na xestión e o uso racional dos recursos públicos, con independencia da concreta administración titular dos centros e respectando a regra da prioridade por veciñanza e proximidade xeográfica e o carácter homoxéneo das prestacións.

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	26/54





TERCEIRO.- O 25.11.2025 o Pleno da Deputación de Lugo acordou dar aprobación ao texto do Convenio interadministrativo marco de cooperación entre a Deputación de Lugo e os concellos para consolidar a prestación de servizos sociais nos centros de atención a persoas maiores (CIM), recollendo na cláusula primeira como obxectivo, entre outros, manter:

1. as liñas comúns de desenvolvemento, organización, coordinación, dirección, xestión e funcionamento das prestacións propias dos centros de atención a maiores que xestiona de xeito directo a Deputación de Lugo;
2. a regra da prioridade por veciñanza e proximidade xeográfica; minorar os trámites administrativos e incrementar a simplificación administrativa;
3. o carácter homoxéneo das prestacións nos CAMS garantindo estándares mínimos de calidade, prestacións e prezos *a pagar polas persoas usuarias, en función da súa capacidade económica e custo do servizo.*

Así, o 06.03.2026 formalizáronse os citados CIM entre a Deputación de Lugo e os Concellos de Castroverde, Fonsagrada (A), Meira, Navia de Suarna, Pedrafita do Cebreiro, Pol, Ribadeo, Ribas de Sil e Trabada, asumindo a Deputación Provincial o compromiso, entre outros, de dar trámite á aprobación dunha ordenanza provincial que, terá que respectar a filosofía das actuais ordenanzas de acceso, co especial mención a regra da prioridade por veciñanza e proximidade xeográfica ao CAM, a fin de manter ás persoas maiores na súa contorna familiar e social habitual, dando prioridade para o acceso ás persoas residentes dos concellos, despois aos da contorna á que pertencen, e despois aos da provincia, incorporando á redacción aquelas modificacións que sexan precisas para adaptarse á normativa vixente, así como, ao modelo de atención biopsicosocial implantado nos CAMS, así como, a dar trámite a unha ordenanza provincial única de prezo público, en relación ao custo do servizo, mantendo o respecto da achega das persoas usuarias en función da súa capacidade económica.

CUARTO.- Dende o servizo de Benestar Social e Igualdade, levouse a cabo a redacción dos textos que nesta proposta nos ocupan, así como, conforme ao establecido no art. 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en relación Ordenanza reguladora do servizo público de atención residencial nos centros atención as persoas maiores de xestión directa da Deputación de Lugo e a Ordenanza reguladora de prezo público para o servizo de atención residencial nos centros atención as persoas maiores de xestión directa da Deputación de Lugo, a consulta pública previa. Notar que rematado o prazo non constan achegas relativas ao exposto no Portal de transparencia da Deputación de Lugo.

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	27/54



QUINTO.- En relación ao Texto proposto da ordenanza única provincial “Ordenanza reguladora de prezo público para o servizo de atención residencial nos centros atención as persoas maiores de xestión directa da Deputación de Lugo” sinalar o seguinte:

- Respecta a filosofía das actuais ordenanzas de acceso, con especial mención a regra da prioridade por veciñanza e proximidade xeográfica ao CAM, a fin de manter ás persoas maiores na súa contorna familiar e social habitual, dando un maior peso á proximidade e ao arraigo para o acceso ás persoas residentes nos concellos, despois aos da contorna á que pertencen, e de xeito final aos do resto da provincia.
- Establece mecanismos para obter unha equidade que permita paliar a desvantaxe social que supón vivir nun entorno rural na provincia de Lugo.
- Establece mecanismos que permiten detectar e atender as situacións de emerxencia e vulnerabilidade, permitindo adaptar ás diferentes situacións, dándolle unha resposta áxil e eficaz, con independencia dos recursos económicos.
- A determinación de dependencia ou autonomía non queda condicionado de xeito único á puntuación da escala de Barthel. Coa nova redacción introdúcese a posibilidade de persoas con deterioro cognitivo e con unha condición física preservada podan ser determinadas como dependentes, sendo esta valoración acorde ao futuro Plan de Coidados e Plan de Atención Individualizada.
- Recolle o respecto á participación económica do servizo en base á capacidade económica das persoas usuarias, incrementando este factor ás prazas na modalidade excepcional, regulado mediante o pagamento do prezo público que se establecerá mediante unha Ordenanza reguladora de prezo público para o servizo de atención residencial nos CAMS de xestión directa da Deputación de Lugo.
- Na redacción incorporárase aquelas modificacións respecto das actuais, que son precisas para adaptarse ao modelo de atención biopsicosocial implantado nos CAMS. Tendo en conta a evolución da vellez e factor de anos de vida con calidade, primase no texto que nos ocupa a valoración biopsicosocial da persoa, fronte as necesidades de carácter funcional ou biomédicas, máis propias de modelos a extinguir ou menos adaptativos ao actual modelo de coidados. O modelo biopsicosocial centrado na persoa: integra factores biolóxicos, psicolóxicos e sociais, baixo a premisa de que as emocións, relacións, historia de vida e contexto inflúen na saúde, na funcionalidade e no benestar das persoas, estando aliñado coa Estratexia Estatal de Coidados (2024-2030).
- Introdúcese de xeito expreso o acceso a persoas con vinculación de feito, como acceso de xeito excepcional. Así co obxecto de manter a unidade familiar, poderá recoñecerse a condición de persoa usuaria no servizo

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	28/54





público de atención residencial, como persoa vinculada afectivamente da persoa solicitante principal a quen non reunindo todos os requisitos para ser persoa usuaria establecidos na ordenanza de acceso, sexa cónxuxe ou persoa en relación análoga de afectividade ou sexa parente por consanguinidade ata o segundo grao, sempre que requira a mesma atención especializada que require a persoa solicitante principal e o coidado desta dependa da solicitante/usuaria principal.

- Cara as persoas solicitantes simplifícanse os trámites administrativos, xa que con unha única solicitude poderá ter acceso a todos os CAMS da rede, sen ter que formalizar unha por cada centro. Notar, en todo caso, que a escala de proximidade terá unha puntuación diferente para cada CAM, en aplicación do Baremo de Valoración de Necesidade e Idoneidade (BVNI).

SEXTO.- En relación ao Texto proposto da ordenanza única provincial “Ordenanza reguladora de prezo público para o servizo de atención residencial nos centros atención a persoas maiores de xestión directa da Deputación de Lugo” sinalar o seguinte:

- Está baseada nas actuais ordenanzas de prezos públicos axustadas, ao custo real do servizo, na capacidade económica das persoas usuarias e mantendo o actual sistema de protección ás persoas con maior risco de vulnerabilidade.
- Permitirá un financiamento sostible acorde a capacidade económica das persoas usuarias, sendo progresiva e redistributiva.
- Dará maior protección ás rendas mais baixas coa modificación dos coeficientes, tanto da táboa de servizo de atención residencial, como a Táboa Redistribuíra Progresiva, mantendo que en atención ás razóns sociais que teñen lugar, poderase fixar unha participación reducida no custo do servizo e, en todo caso, que ningunha persoa quede fóra do servizo de atención residencial por non dispoñer de recursos económicos.
- Salientar que en aplicación do Texto proposto, ningunha persoa usuaria terá que participar no financiamento do servizo por enriba da súa capacidade económica, salientando que aquelas persoas con menor capacidade obterán un maior mínimo vital.
- As persoas que accedan pola vía extraordinaria, non terán que asumir todo o custo de referencia da praza durante a totalidade da prestación nesta modalidade, protexendo deste xeito as persoas co maior vulnerabilidade que non son atendidas por outros sistemas de atención e non teñen capacidade económica para facer fronte a situacións futuras sobrevidas de limitación funcional.
- Permitirá actualizar de xeito anual o custe de referencia do servizo, o que fará máis equilibrado e sostible o servizo de atención residencial.

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	29/54



- Todas as persoas usuarias, sen excepción, participarán do servizo, de xeito económico, en función da súa capacidade económica.
- En ningún caso a achega económicas das persoas, isto é, o prezo público será superior ao 90% do custo do servizo, circunstancia que se atopa expresamente amparada polo disposto no artigo 25 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, así como nos artigos 41 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, tendo en conta o carácter social, esencial e non lucrativo do servizo, sen que iso implique en ningún caso un incumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- Garantiráselles a todas as persoas usuarias, cando menos, un mínimo vital equivalente ao 20% do IPREM, mellorando a porcentaxe das contías establecidas a nivel autonómico. Así mesmo esta contía é mellorada aínda mais coa aplicación dos coeficientes establecidos na “Táboa mínimos vitais progresivos residencia”, sendo máis favorecedores para as persoas con menor capacidade económica e, polo tanto, con maior vulnerabilidade.
- O establecemento do sistema redistributivo progresivo elimina a discriminación que se está a realizar en relación ás persoas usuarias beneficiarias de prestacións económicas vinculadas ao servizo de atención residencial con menor capacidade económica, as cales non poden acceder ao importe máximo de ditas prestacións por ser usuarias dos CAMS da Deputación de Lugo, aspecto que impide o establecemento dun sistema equilibrado, equitativo e sostible para esta entidade provincial, redundando nun prexuízo para toda a provincia, xa que os recursos económicos desta Administración son limitados e, polo tanto, canto maior sexa o déficit do servizo, maior achega terá que asumir a Deputación de Lugo e canto menor déficit se xere, menor achega terá que destinar a este servizo esta entidade, podendo distribuír eses recursos económicos, a outros fins da súa competencia provincial.

SÉTIMO.- En relación ao Regulamento de Réxime interno para o servizo de atención residencial nos centros atención as persoas maiores de xestión directa da Deputación de Lugo sinalar o seguinte:

- Respecta a filosofía dos actuais regulamentos de réxime interno dos CAMS.
- Regula de xeito pormenorizado os aspectos do réxime de funcionamento dos CAMS establecidos na normativa autonómica sectorial.
- Na redacción incorporárase aquelas modificacións respecto das actuais, que son precisas para adaptarse ao modelo de atención biopsicosocial implantado nos CAMS, así como á normativa vixente.

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	30/54






Tendo en conta o sinalado, así como vistos os informes favorables en relación ao asunto de referencia emitidos polo Servizo de Benestar Social e Igualdade, do Servizo de Intervención, así como, da Secretaría Xeral, por parte de quen subscribe se propón, que o Pleno da Deputación de Lugo acorde:

- Dar conta, conforme ao establecido no art. 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en relación Ordenanza reguladora do servizo público de atención residencial nos centros atención as persoas maiores de xestión directa da Deputación de Lugo e a Ordenanza reguladora de prezo público para o servizo de atención residencial nos centros atención as persoas maiores de xestión directa da Deputación de Lugo, que levouse a cabo a consulta pública previa, sen que consten achegas, no período establecido, relativas ao exposto.
- Aprobar, de xeito inicial, a Ordenanza reguladora do servizo público de atención residencial nos centros atención as persoas maiores de xestión directa da Deputación de Lugo e expoñer ao público con audiencia ás persoas interesadas e entidades, polo prazo de trinta días (30) para a presentación de alegacións.
- Conforme ao artigo 26 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos (LTPP), dar conta da memoria económico-financeira para a probación da ordenanza reguladora de prezo público para o servizo de atención residencial nos centros atención as persoas maiores de xestión directa da Deputación de Lugo.
- Aprobar, de xeito inicial, a Ordenanza reguladora de prezo público para o servizo de atención residencial nos centros atención as persoas maiores de xestión directa da Deputación de Lugo e expoñer ao público con audiencia ás persoas interesadas e entidades, polo prazo de trinta días (30) para a presentación de alegacións.
- Conforme ao artigo 23.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local delegar o establecemento ou modificación da Ordenanza reguladora dos prezos públicos na Xunta de Goberno da Deputación de Lugo.
- Aprobar, de xeito inicial, o regulamento de réxime interno para o servizo de atención residencial nos centros atención as persoas maiores de xestión directa da Deputación de Lugo e expoñer ao público con audiencia ás persoas interesadas e entidades, polo prazo de trinta días (30), para a presentación de alegacións.

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	31/54



- Conforme ao artigo 23.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local delegar a aprobación ou modificación dos modelos de contrato de prestación de servizos do servizo de atención residencial de xestión directa da Deputación de Lugo, na Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, conforme á normativa de aplicación.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25: votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do señor deputado non adscrito); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que a señora Presidenta declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260331&punto=8>

--oo0oo--

9.- PROPOSTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE LUGO EN DEFENSA DA AUTONOMÍA LOCAL E DO FINANCIAMENTO DOS CONCELLOS E DAS DEPUTACIÓNS GALEGAS FRONTE AO ANTEPROXECTO DE LEI DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE GALICIA.


Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta de goberno a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“A Deputada Provincial Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo e a Deputada Provincia Dona Iria Castro Fernández, na súa condición de voceira do BNG na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte:

Exposición de motivos:

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	32/54





A Xunta de Galicia someteu a participación pública, entre o 2 de febreiro e o 5 de marzo de 2026, o Anteproxecto de Lei de Administración Local de Galicia (en diante, ALALG), coa pretensión declarada de modernizar o réxime local galego e fortalecer o municipalismo. Porén, tanto a análise detallada do texto como as alegacións presentadas por esta Deputación e pola Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) revelan que o anteproxecto, tal e como está redactado, logra o efecto contrario: debilita a autonomía dos concellos e das deputacións, amplía as súas obrigas sen prever financiamento e incrementa o control da Administración autonómica sobre as entidades locais.

A Deputación de Lugo rexistrou, con data 5 de marzo de 2026, un documento de alegacións de 25 páxinas que articula máis de vinte obxeccións concretas ao texto. O fío condutor de todas elas é o mesmo: o anteproxecto amplía substancialmente as funcións e obrigas de concellos e deputacións sen acompañar esa ampliación dos tres elementos imprescindibles para que resulte viable e conforme ao ordenamento constitucional, isto é, o financiamento necesario para o exercicio das novas competencias, a participación efectiva das propias entidades locais no proceso de elaboración normativa que as afecta, e a garantía da súa autonomía organizativa e competencial fronte a intervencións autonómicas de contido aberto e indeterminado.

Cómpre sinalar, en primeiro lugar, que a propia elaboración do anteproxecto incorre en graves deficiencias procedimentais. A Xunta omitiu o trámite de consulta pública previa esixido con carácter básico polo artigo 133.1 da Lei 39/2015, privando así a cidadáns e entidades interesadas de participar anticipadamente no proceso normativo, cando todas

as opcións estaban aínda abertas. Tampouco se puxeron á disposición do público as memorias económicas legalmente preceptivas que xustificuen o custo das competencias que se queren atribuír ás entidades locais. O Tribunal Supremo ten recoñecido que a omisión da consulta pública pode dar lugar a demandas de nulidade por vulneración de requisitos esenciais na elaboración de disposicións de alcance xeral.

En segundo lugar, o anteproxecto presenta carencias estruturais de enorme calado. Desaparecen do articulado figuras de especial relevancia para a realidade territorial galega como as parroquias e as comarcas, recoñecidas expresamente no Estatuto de Autonomía de Galicia, e nin sequera se menciona o propio Estatuto no texto

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	33/54



articulado. Omítese igualmente calquera regulación sobre bens, patrimonio, actividades e servizos locais, cando a totalidade das demais comunidades autónomas abordan estas cuestións nas súas respectivas leis locais.

En terceiro lugar, e no que máis directamente afecta aos 313 concellos galegos, a relación de competencias municipais está redactada de forma confusa, sen distinguir entre o obrigatorio e o potestativo, e contén omisións tan graves como a ausencia de calquera referencia expresa aos servizos sociais ou á habilitación de actuación extraterritorial en casos de catástrofe. Resulta especialmente preocupante o artigo 15, que habilita a delegación de competencias dos concellos nas deputacións, o que podería baleirar os municipios máis pequenos e peor financiados das súas funcións nucleares. O artigo 40, pola súa banda, prevé fusións municipais obrigatorias sen esixir sequera un referendo previo, en contradición co artigo 5 da Carta Europea de Autonomía Local.

O tratamento dos municipios en situación de reto demográfico é, así mesmo, profundamente ambiguo. Os criterios definidores son tan restritivos que deixarían fóra máis da metade dos concellos galegos de menos de 5.000 habitantes, a maioría deles con poboación en declive continuado. Cataluña, con un problema demográfico moi inferior ao de Galicia, dispón dunha lei de municipios rurais —a Lei 8/2025— que ofrece un marco de protección notoriamente máis amplo e con compromisos concretos. O ALALG, pola contra, limítase a declaracións de intencións sen dotacións orzamentarias, e deixa sen cumprimento real o Pacto Local asinado no ano 2006, vinte anos despois da súa sinatura.

No que respecta ás propias deputacións provinciais, o anteproxecto converte en obrigas legais xuridicamente esixibles funcións que ata agora tiñan carácter maioritariamente potestativo —asistencia xurídica, representación e defensa ante os tribunais, servizos sociais para municipios de menor capacidade— sen prever nin un euro de financiamento adicional para asumilas. O Tribunal Constitucional ten declarado expresamente que a atribución competencial sen dotación financeira equivale a un baleiro material da autonomía local, incompatible co artigo 142 da Constitución Española.

En materia de financiamento, o anteproxecto incorre nunha contradición de fondo ao declarar o Fondo de Cooperación Local (FCL) como incondicionado e ao mesmo tempo crear subfondos que condicionan a súa percepción á execución de determinadas políticas de competencia claramente autonómica. Ademais, a

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	34/54





participación no FCL queda exposta a cambios unilaterais en cada lei de orzamentos, sen garantía ningunha de estabilidade para as entidades locais. A Deputación de Lugo propón fixar por lei unha porcentaxe mínima de participación vinculada aos ingresos da Comunidade Autónoma, crear fondos específicos e transparentes para compensar os concellos e as deputacións polos gastos que asumen en servizos de competencia autonómica —como o mantemento de centros de saúde e centros educativos de titularidade da Xunta— e suprimir os subfondos condicionados, trasladándoos a capítulos orzamentarios independentes e específicos.


A FEGAMP tamén presentou alegacións no mesmo período, centradas no financiamento local, nas competencias municipais, na estrutura da planta municipal e no reto demográfico, o que evidencia que a preocupación pola insuficiencia do anteproxecto é compartida polo conxunto do municipalismo galego.

Por todo o exposto, o Goberno da Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta proposta, propón a adopción polo Pleno desta Deputación dos seguintes acordos e de dar traslado dos mesmos ás administracións e institucións competentes.

Acordos:

1. Instar á Xunta de Galicia a que retire ou reformule substancialmente o Anteproxecto de Lei de Administración Local de Galicia antes da súa tramitación parlamentaria, para adecualo aos principios constitucionais de autonomía local e suficiencia financeira recollidos nos artigos 137, 140, 141 e 142 da Constitución Española e no artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local.
2. Esixir á Xunta de Galicia que, con carácter previo á redacción dun novo texto, realice a consulta pública previa legalmente obrigatoria e facilite as memorias económicas que xustifiquen o custo real das competencias que se pretenden atribuír ás entidades locais, garantindo así a participación efectiva de concellos e deputacións no proceso de elaboración normativa que lles afecta directamente.
3. Reclamar á Xunta de Galicia a fixación por lei dunha porcentaxe mínima garantida de participación dos concellos galegos nos ingresos da Comunidade Autónoma a través do Fondo de Cooperación Local, que non poida ser reducida unilateralmente mediante as leis de orzamentos anuais.

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	35/54



4. Demandar á Xunta de Galicia a creación de fondos específicos, estables e con dotacións orzamentarias concretas, para compensar aos concellos e deputacións polos gastos que asumen en servizos de competencia autonómica, tales como o mantemento de centros de saúde, centros educativos e centros de educación especial de titularidade da Comunidade Autónoma.

5. Reivindicar que calquera nova regulación das fusións municipais respecte escrupulosamente a vontade das poboacións afectadas, mediante a celebración dun referendo previo ao abeiro do artigo 5 da Carta Europea de Autonomía Local, e que a aprobación de calquera fusión de carácter obrigatorio requira lei expresa do Parlamento de Galicia.

6. Instar á Xunta de Galicia a ampliar e flexibilizar os criterios de definición dos municipios en situación de reto demográfico, adoptando un modelo similar ao da lei catalá de municipios rurais, máis inclusivo e adaptado á realidade demográfica galega, e a concretar as medidas de apoio en termos xurídicos esixibles e con dotación orzamentaria suficiente.

7. Apoiar as alegacións presentadas pola FEGAMP en relación co financiamento local, as competencias municipais, a planta municipal e o reto demográfico, por coincidir co diagnóstico e coas propostas formuladas por esta Deputación.

8. Trasladar estes acordos á Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, ao Parlamento de Galicia, á FEGAMP e aos 67 concellos da provincia de Lugo”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25: votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do señor deputado non adscrito); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que a señora Presidenta declara aprobada por maioría a proposta de goberno presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260331&punto=9>

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	36/54





10.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA NA DEFENSA DA PAZ E DO DEREITO INTERNACIONAL.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción na defensa da Paz e do Dereito Internacional:

A escalada militar que se está a producir en Oriente Medio non pode resultarnos allea, nin como persoas, nin como galegos e galegas. Non se trata dunha preocupación abstracta nin afastada. Os conflitos armados teñen sempre un alto custo humano, social e económico: falamos de vidas humanas, de cidades destruídas, de familias obrigadas a fuxir e dunha inestabilidade que xa está a ter consecuencias políticas, económicas e sociais no conxunto do mundo. O efecto bolboreta é, por desgracia, especialmente certo no caso dos conflitos bélicos.

A Historia demostra que as guerras iniciadas fóra do marco do dereito internacional e sen o respaldo da comunidade internacional non resolveron os conflitos; en moitos casos provocaron máis violencia, máis inseguridade e crises humanitarias de gran magnitude. Hai pouco máis de dúas décadas vivímolos coa guerra de Iraq. Aquela intervención, que se presentou como necesaria para garantir a seguridade internacional, acabou sendo co paso do tempo unha das decisións máis cuestionadas da política internacional recente. Europa e tamén España deben actuar con responsabilidade e aprender das leccións do pasado, porque só coñecer ben a Historia nos libra de ter que repetir os seus erros.

Os socialistas lucenses estamos do lado da paz, do diálogo e do dereito internacional; do lado dos principios recollidos na Carta das Nacións Unidas que durante décadas serviron de base para a convivencia entre países e pobos.

Repudiamos de xeito tallante o réxime de Irán, unha teocracia relixiosa fundamentalista, contraria ós valores democráticos, e responsable da represión e da vulneración dos dereitos fundamentais da súa propia cidadanía, especialmente das mulleres e do colectivo LGTBI. Pero ao mesmo tempo rexeita este conflito e defende que a única saída posible debe ser a través da negociación diplomática e o recurso á política.

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	37/54



Porque cando se rompe a legalidade internacional, quen máis sofre son sempre os mesmos: a poboación civil. E porque, ademais do drama humano, os conflitos tamén traen consecuencias económicas que acaban chegando á vida diaria da xente: prezos da enerxía máis altos, incerteza económica e máis dificultades para moitas familias. A provincia de Lugo, co seu marcado carácter gandeiro, sufriu dun xeito agudo as consecuencias da guerra de Ucraína sobre os prezos do diésel ou das forraxes. Agora, un novo incremento do prezo do combustible, ou o peche de rutas comerciais fundamentais pode ser un novo golpe importante para a nosa economía.

O Grupo Provincial Socialista considera a defensa da Paz como un obxectivo prioritario e irrenunciable da acción política. Unha acción política que debe apoiarse sempre na aplicación do Dereito Internacional, no diálogo e na busca de solucións políticas consensuadas. Por iso presentamos esta moción para que o Pleno da Deputación adopte os seguintes acordos:

- Reclamar aos Estados Unidos, a Israel e a Irán o cesamento inmediato das hostilidades antes de que o conflito alcance dimensións aínda máis graves.
- Repudiar o réxime de Irán pola represión e pola vulneración dos dereitos fundamentais da súa cidadanía, especialmente das mulleres.
- Defender que a única saída posible a este conflito debe ser diplomática e política, condenando calquera vulneración do dereito internacional e reafirmando o compromiso cos principios que sustentan a convivencia entre nacións: o respecto á Carta das Nacións Unidas e á resolución pacífica dos conflitos, bases da seguridade colectiva e da estabilidade mundial.
- Afirmar con claridade un principio que forma parte da conciencia democrática da nosa sociedade: **NON Á GUERRA**.
- Expresar a solidariedade do pobo galego coas vítimas civís e con todas as persoas que están a sufrir as consecuencias da violencia.
- Apoiar a posición do Goberno de España e os seus esforzos diplomáticos, así como os da comunidade internacional e da Unión Europea para lograr unha desescalada do conflito e abrir camiños de negociación así como o envío da fragata española a Chipre para contribuír á defensa e á seguridade na rexión tras os ataques rexistrados.
- Reclamar á Xunta de Galicia a adopción de medidas específicas de apoio para os sectores económicos galegos afectados polas consecuencias económicas do

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	38/54





conflicto, para que non se repita a inacción do goberno autonómico como aconteceu no caso da guerra de Ucraína.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25: votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do señor deputado non adscrito); abstencións, 12 (correspondentes aos señores deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que a señora Presidenta declara aprobada por maioría a proposta de goberno presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260331&punto=10>

11.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA E DE APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS DO SECTOR SANITARIO

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“A Deputada Provincial D^a. Iria Castro Fernández, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo (BNG) e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción en defensa da sanidade pública e de apoio ás reivindicacións do sector sanitario:

Exposición de motivos:

A sanidade pública constitúe un dos piares fundamentais do estado do benestar e garante o dereito universal á protección da saúde da cidadanía. Na provincia de Lugo, como noutras áreas de Galiza, vense detectando nos últimos anos importantes carencias estruturais, organizativas e de persoal que están a deteriorar progresivamente a calidade asistencial.

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	39/54



A actual situación de conflito laboral, con folgas de médicos, concentracións de celadores e unha folga na atención primaria convocada, evidencia unha situación límite da sanidade galega e agrávase na provincia de Lugo, que habitualmente xa é a gran esquecida por parte da Xunta de Galicia que continúa a recortar médicos nas zonas máis despoboadas, onde máis falta fan.

As folgas convocadas manifestan o malestar dun sector que leva moito tempo traballando en malas condicións, o que dificulta o exercicio digno da súa labor e compromete a atención á poboación. As problemáticas denunciadas dende os diferentes colectivos céntranse en reivindicacións como sobrecarga asistencial, escaseza de profesionais, axendas saturadas ou falta de espazos adaptados no HULA.

Estas problemáticas non só afectan aos traballadores e traballadoras do sistema sanitario, senón que repercuten directamente na cidadanía da provincia de Lugo, que ve comprometido o seu dereito a unha atención sanitaria pública, universal e de calidade.


Por todo isto, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes:

Acordos:

Instar á Xunta de Galiza a adoptar as medidas oportunas que permitan:

1. Reforzar o cadro de persoal sanitario na provincia de Lugo, especialmente no ámbito da atención primaria e hospitalaria, garantindo a cobertura das prazas vacantes e reducindo a sobrecarga asistencial.
2. Mellorar as condicións laborais do persoal médico e de enfermaría, atendendo ás súas reivindicacións en materia de axendas, tempos de consulta, estabilidade laboral e conciliación.
3. Atender as demandas do colectivo de celadores: garantir un número suficiente de profesionais e material adecuado para asegurar o correcto funcionamento dos centros sanitarios.
4. Desenvolver un plan específico para a atención primaria na provincia de Lugo que aborde as súas particularidades territoriais, como a dispersión poboacional e o envellecemento da poboación.”

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	40/54





A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvaríño, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25: votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e do señor deputado non adscrito); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que a señora Presidenta declara aprobada por maioría a proposta de goberno presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260331&punto=11>

12.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG RELATIVA Á DEFENSA DO SERVIZO PÚBLICO DE CORREOS E CONTRA O DESMANTELAMENTO DA SÚA REDE NA PROVINCIA DE LUGO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“A Deputada Provincial D^a. Iria Castro Fernández, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo (BNG) e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción relativa á defensa do servizo público de Correos e contra o desmantelamento da súa rede na provincia de Lugo:

Exposición de motivos:

O servizo postal público, xestionado pola Sociedade Estatal Correos e Telégrafos, constitúe un pilar fundamental para a cohesión social, territorial e económica de Lugo. O que debería ser un servizo que garanta o dereito á comunicación de toda a cidadanía, estase a converter nunha ferramenta de recortes do Servizo Postal Universal tanto no eido urbano como especialmente de abandono do rural, baixo unha estrita e perversa lóxica de mercado.

A degradación do servizo non é un feito illado. Nos últimos meses, diversos concellos da costa lucense (A Mariña) e da comarca de Sarria xa elevaron queixas formais e

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	41/54



mocións denunciando o mal funcionamento de Correos. Porén, a CIG advirte que esta situación non se limita a zonas puntuais, senón que é extensible á totalidade dos concellos da provincia de Lugo, onde a política de recortes da dirección estatal está a deixar a miles de veciños e veciñas nunha situación de indefensión postal.

A dirección de Correos, encabezada polo Sr. Pedro Saura, presumiu recentemente duns beneficios de 14,4 millóns de euros. Estes resultados non son froito dunha mellora na eficiencia, senón dun recorte drástico que afecta directamente á saúde das traballadoras e traballadores. Correos presenta hoxe o índice de absentismo máis alto de toda a Administración, superior ao 12%, consecuencia directa da sobrecarga de traballo derivada de non cubrir vacantes, baixas, permisos nin vacacións.

A falta de persoal e o deficiente mantemento dos vehículos provocan que moitas parroquias queden sen reparto, incumprindo prazos de notificacións do SERGAS, citas médicas ou o cobro de prestacións por desemprego.

Na nosa provincia, a estratexia de "adelgazamento" do servizo é alarmante:

- As oficinas de Samos, Bóveda e Escairón (hoxe oficinas técnicas con 7 horas de xornada) están en risco de ser transformadas en "Satélites", reducindo a súa xornada a 5 horas.


- No caso de localidades aínda máis pequenas, prevese unha minoración maior dos xa precarios horarios de atención ao público, que actualmente apenas oscilan entre 1 e 3 horas. A intención da empresa é reducir estes tempos ao mínimo para obrigar ao persoal a dedicar ese tempo ao reparto, tratando de tapar así a falta de persoal estrutural á costa de eliminar o contacto presencial coa veciñanza.

Nunha provincia marcada pola "España baleirada" -da que tanto fala o Goberno central mentres retira servizos—, o carteiro é, en moitos casos, o único representante da administración que queda. Tras o peche de escolas e a falta de médicos nos centros de saúde, Correos é o último fío que une a moitas aldeas lucenses co resto da sociedade.

Por todo isto, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

1. Manifestar o seu apoio total ás reivindicacións e mocións presentadas nos concellos da Mariña, Sarria e o resto da provincia contra o desmantelamento do servizo postal.

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	42/54





2. Instar ao Goberno do Estado e á Dirección de Correos a paralizar de inmediato calquera plan de peche ou redución de horarios en Lugo, protexendo especificamente a integridade das oficinas de Samos, Bóveda e Escairón.

3. Esixir a cobertura inmediata do 100% das prazas vacantes, baixas e vacacións para garantir o reparto diario por lei, así como un plan urxente de mantemento da flota de vehículos.

4. Demandar que Correos priorice a súa función como servizo público estratéxico e de cohesión territorial por riba da obtención de beneficios económicos á custa de precarizar as condicións laborais e o servizo ao rural.

5. Dar traslado destes acordos ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, á SEPI Sociedade Estatal de Participacións Industriais como propietaria da Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos S.A.,S.M.E.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260331&punto=12>

13.- MOCIÓN SOBRE A MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS REGULADORAS DAS TAXAS POR AUTORIZACIÓN DE OBRAS E OUTROS APROVEITAMENTOS SITUADOS EN ZONAS CONTIGUAS ÁS ESTRADAS PROVINCIAIS E POLA AUTORIZACIÓN PRIVATIVA OU PARA O APROVEITAMENTO ESPECIAL DOS BENS DE DOMINIO PÚBLICO PROVINCIAL.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	43/54



relativa á modificación das ordenanzas fiscais reguladoras das taxas por autorización de obras e outros aproveitamentos situados en zonas contiguas ás estradas provinciais e pola autorización privativa ou para o aproveitamento especial dos bens de dominio público provincial:

Exposición de motivos:

A modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por autorizacións de obras e outros aproveitamentos situados en zonas contiguas ás estradas provinciais da Excm. Deputación Provincial de Lugo vixente foi inicialmente aprobada polo pleno da corporación provincial, en sesión ordinaria celebrada o 27 de xuño de 1994, e publicada no BOP número 153 de 6 de xullo de 1994.

Tras 30 días de exposición ao público e sen que houbera reclamacións ou suxestións á mesma, fíxose pública a dita modificación (publicada no BOP número 258 de data 10 de novembro de 1995).

A última modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola autorización privativa ou o aproveitamento especial dos bens de dominio público provincial da Excm. Deputación Provincial de Lugo vixente foi aprobada inicialmente en sesión ordinaria do pleno da corporación en data 28 de setembro de 1998.

Unha vez transcorrido o trámite de exposición ao público, e sen que se presentaran reclamacións ou suxestións á mesma, foi aprobada definitivamente e publicada no BOP número 261 de data 13 de novembro de 1998.

Un número importante dos expedientes tramitados pola Deputación de Lugo, no marco destas ordenanzas fiscais, corresponden a liquidacións practicadas a Concellos, con elevados importes, por unha utilización, obra ou aproveitamento necesario para, no ámbito das súas competencias municipais, promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e demais normativa de aplicación.

A aplicación destas ordenanzas nos termos actuais supón un elevado custo aos Concellos á hora de acometer obras en zonas contiguas ás estradas provinciais de titularidade da Deputación de Lugo ou o aproveitamento de bens de dominio público.

Esta situación pode supoñer, incluso, que as entidades locais teñan que, en ocasións, decidir non executar actuacións de interese para os veciños e veciñas por superar o pago destas taxas o custe da propia intervención.

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	44/54





O Grupo Provincial Popular propuxera no Pleno ordinario de decembro de 2015 modificar ambas ordenanzas, unha delas modificada fai máis de 30 anos e outra aprobada fai máis de 27.

Naquel momento, os distintos grupos que integraban a Corporación provincial coincidían na necesidade de modificar estas ordenanzas de forma que, atendendo á normativa de aplicación, as entidades locais resulten non suxeitas ou se vexan beneficiadas dalgún tipo de bonificacións no pago das taxas cando precisen aproveitar os bens de dominio público provincial ou situados nas zonas contiguas ás estradas provinciais.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte

Proposta de acordo:

O Pleno da Corporación provincial insta ao equipo de goberno da Deputación de Lugo a poñer en marcha o procedemento para modificar as Ordenanzas fiscais reguladoras da Taxa por autorizacións de obras e outros aproveitamentos situados en zonas contiguas ás estradas provinciais da Excm. Deputación Provincial de Lugo e da Taxa pola autorización privativa ou o para o aproveitamento especial dos bens de dominio público provincial da Excm. Deputación Provincial de Lugo de forma que recollan a aplicación de beneficios fiscais ou bonificacións para os Concellos, segundo a normativa vixente, cando as obras ou intervencións que se autoricen sexan necesarias para a prestación de servizos públicos da súa competencia.”

A Comisión Informativa, por maioría, coa abstención da Señora Presidenta da Comisión D. María del Carmen López Moreno, dos señores/as Deputados/as D^a. María del Pilar García Porto, D. Francisco Cajoto Caserío e D^a. María Sol Morandeira Morandeira, representantes do Grupo Provincial Socialista, da señora Deputada D^a. Iria Castro Fernández, representante do Grupo Provincial do BNG e do deputado non adscrito, D. José Tomé Roca, acorda informar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25: votos a favor, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG e polo señor deputado non adscrito). Polo que a señora Presidenta declara rexeitada a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260331&punto=13>

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	45/54



14.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA REXEITAR CONDUTAS DE ACOSO E OCULTACIÓN POR PARTE DE CARGOS PÚBLICOS E AFASTAR DAS INSTITUCIÓN A CALQUERA REPRESENTANTE POLÍTICO ACUSADO DE DELITOS CONTRA AS MULLERES OU DE ENCUBRILLOS

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

Exposición de motivos:


“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción para rexeitar condutas de acoso e ocultación por parte de cargos públicos e afastar das Institucións a calquera representante político acusado de delitos contra as mulleres ou de encubrilos.

O pasado 9 de decembro o programa ‘Código 10’, da canle de televisión Cuatro, deu a coñecer varias denuncias, realizadas a través da canle interna do PSOE, por presunto acoso sexual dirixidas contra José Tomé que naquel momento ostentaba os cargos de secretario xeral do PSOE lucense, presidente da Deputación de Lugo e alcalde de Monforte de Lemos. Unhas denuncias que causaron gran conmoción entre a sociedade lucense por tratarse duns feitos vergoñentos e lamentables.

Nun primeiro momento, José Tomé negouse a deixar ningún dos seus cargos. E, posteriormente, anunciaba que deixaría o Partido Socialista -xunto aos concelleiros do PSOE en Monforte- e que dimitiría como presidente da Deputación. Non foi de inmediato. Lonxe diso, tardou varios días en deixar o Partido, en abandonar o Grupo Provincial Socialista e, incluso, seguiu a presidir a institución provincial, as Xuntas de Goberno e o Pleno da Deputación de Lugo co apoio dos deputados do PSOE e do BNG. Na actualidade, como deputado non adscrito, continúa a apoiar ao goberno provincial e segue a ser o alcalde de Monforte de Lemos apoiado polos concelleiros do PSOE que, polo de agora, non abandonaron a súa militancia.

Non houbo explicacións – só escusas-, nin dimisións por parte dos dirixentes do PSOE provincial e do PSdeG que eran coñecedores, segundo recoñeceron publicamente e por escrito, de cando menos un caso denunciado pola nai dunha presunta vítima. Lonxe diso, negaron ter coñecemento das denuncias a través da canle interna do PSOE ata que, posteriormente, si recoñeceron ser coñecedores dende antes de terse

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	46/54





feito públicas. É dicir, estiveron encubriendo ao presunto acosador e dándolle as costas á vítima.

Incluso despois dicían condenar este tipo de feitos reprobables e gravísimos contra as mulleres, pero tanto PSOE como BNG, negociaron a formación dun goberno na Deputación co apoio imprescindible de Tomé. O cal que se mantén tamén como alcalde de Monforte de Lemos co apoio dos concelleiros socialistas. Feministas só de palabra, non de feitos.

Unha vez denunciados os feitos ante a xustiza e comunicada unha querela por parte da Fiscalía, non fixeron nada.

Primeiro anunciaron que habería un “pronunciamento contundente” e agora din que actuarán en función dos acontecementos”, pero seguen sen actuar nin tomar decisións fronte a un presunto acosador.

Mentres o Partido Popular expresaba a súa solidariedade e apoio ás denunciadas ante un caso de presunto acoso sexual; esixía explicacións inmediatas, claras e transparentes, depurar responsabilidades e propoñía reprobar a José Tomé; o PSOE e o BNG non fixeron nada, excepto negociar entre vostedes e con el para asegurarse de manter o goberno provincial e, polo tanto, os sillóns dos deputados provinciais en San Marcos.


Non lles importou contribuír a ofrecer unha imaxe negativa da Deputación de Lugo nin enviar unha mensaxe á sociedade de complicidade co presunto agresor á hora de loitar polos dereitos das mulleres e contra a violencia de xénero en todas as súas formas cando debería ser unha prioridade absoluta, especialmente dende as institucións.

Sen cuestionar a presunción de inocencia nin o dereito á lexítima defensa, dende o Partido Popular cremos que os dirixentes do PSdeG e do goberno provincial de PSOE e BNG deben, cando menos, condenar publicamente os feitos denunciados recentemente ante a Xustiza, adoptar responsabilidades políticas que demostren a súa implicación real co feminismo e aplicar medidas para afastar a persoas acusadas de delitos contras as mulleres das institucións públicas e de quen encubre estes feitos.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte

Proposta de acordo:

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	47/54



O Pleno da Deputación de Lugo acorda:

- 1.- Expresar a súa solidariedade e apoio ás mulleres denuncianteas ante calquera presunto caso de acoso sexual ou violencia de xénero.
- 2.- Rexeitar condutas de acoso por parte de cargos públicos e afastar das institucións a calquera representante político acusado de delitos contra as mulleres ou quen o encubrise.
- 3.- Condenar a inacción dos dirixentes do PSOE lucense e do PSdeG que, sendo coñecedores dalgún caso, non adoptaron ningún tipo de medida e agora co inicio dun procedemento oficial por parte da Fiscalía continúan mantendo ao acusado á fronte do Concello de Monforte, polo tanto, protexendo ao presunto acosador en lugar das vítimas.”

A Comisión Informativa, por maioría, coa abstención da Señora Presidenta da Comisión D. María del Carmen López Moreno, dos señores/as Deputados/as D^a. María del Pilar García Porto, D. Francisco Cajoto Caserío e D^a. María Sol Morandeira Morandeira, representantes do Grupo Provincial Socialista, da señora Deputada D^a. Iria Castro Fernández, representante do Grupo Provincial do BNG e do deputado non adscrito, D. José Tomé Roca, acorda informar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25: votos a favor, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 10 (emitidos polos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e polo señor deputado non adscrito), abstencións 3 (correspondentes aos señores deputados do Grupo Provincial do BNG). Polo que a señora Presidenta declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260331&punto=14>


PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

15.- DACIÓN DE CONTA DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO DE 2026.

O Pleno da Corporación queda enterado do Plan Anual de control financeiro de 2026.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260331&punto=15>

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	48/54





16.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME ANUAL DE INTERVENCIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS PAGOS A XUSTIFICAR E ANTICIPOS DE CAIXA FIXA DO EXERCICIO 2025.

Dáse conta do informe anual de intervención das contas xustificativas dos pagos a xustificar e anticipos de caixa fixa do exercicio 2025. O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260331&punto=16>

17.- DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2025 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

O Pleno da Corporación queda enterado da conta da liquidación do orzamento de 2025.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260331&punto=17>

18.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DO ARTIGO 218 DO RD 2/2004, DE 5 DE MARZO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS DO ANO 2025.

Dáse conta do informe do artigo 218 do R.D. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais do ano 2025. O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260331&punto=18>

19.- DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DEFINITIVOS DE CONTROL FINANCEIRO DE SUBVENCÍONS PACF (PLAN ANUAL CONTROL FINANCEIRO) 2025.

O Pleno da Corporación queda enterado dos informes definitivos de control financeiro de subvencións PACF 2025.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260331&punto=19>

20.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCÍONS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E SEIS.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día 1 ao vinte e oito de febreiro de dous mil vinte e seis, que figuran inscritas no Libro de Resolucións

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	49/54



numeradas dende o 314 ao 831, e cuxas copias foron remitidas aos Grupos Políticos Provinciais.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260331&punto=20>

21.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE NOMEAMENTO COMO REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NA FUNDACIÓN DOS FERROCARRILES DE GALICIA.

O Pleno da Corporación queda enterado da resolución da presidencia sobre nomeamento como representante da Deputación Provincial de Lugo na Fundación dos Ferrocarriles de Galicia.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260331&punto=21>

22.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260331&punto=22>

23.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

A Presidenta manifesta que foron presentados dous Rogos e dúas Preguntas por parte do Grupo Provincial Popular, que se tratarán a continuación:

R O G O S


Primeiro.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, en relación coa seguridade viaria na estrada LU-1811, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

A estrada provincial LU-P-1801 (Chantada – Nogueira – Os Peares) está a desprenderse arredor do p.k.15 ao seu paso polo termo municipal de Chantada.

Urxe actuar de forma inminente para evitar posibles danos ao río, viñas, inmobles e propiedades privadas se chega a derrubarse completamente o noiro e caer a plataforma da estrada provincial e garantir o paso dos veciños, usuarios e turistas.

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	50/54





A única actuación realizada pola institución provincial foi poñer unhas barreiras para evitar o paso pola zona afectada e botar un pouco de formigón na cuneta contraria. Todo iso sen comunicar ao Concello de Chantada o corte da vía durante uns días nin informar sobre o estado da estrada, as medidas adoptadas ou os prazos nos que a Deputación de Lugo prevé arranxar a vía.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

A Deputación de Lugo acometa con urxencia as actuacións precisas para garantir a seguridade viaria na estrada provincial LU-1811 ao seu paso polo municipio de Chantada ante o elevado risco de derrubamento e informe debidamente ao Concello sobre as medidas adoptadas.”

Segundo.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo á reparación da ponte sobre a LU-P-2405, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

O abandono da rede de estradas titularidade da Deputación de Lugo non é un asunto novo no salón de Plenos da institución provincial. Firme en mal estado de conservación que, en moitos casos, provoca fochancas froito da desatención e falta de conservación ao longo dos anos son as principais queixas dos veciños e veciñas.

Pero tamén hai que sumar a sinalización horizontal e vertical deficiente, cunetas sen limpar, atrasos no desbroce, podas sen realizar e falta de actuacións para garantir a seguridade nas vías provinciais ante riscos de derrubamentos ou caídas.

É o caso dunha ponte na estrada provincial LU-P-2405 á altura da igrexa de Entrambasaugas, no municipio de Guntín, (<https://maps.app.goo.gl/NB9Ee8ZX4C72Gmho9>) que se atopa afundida na parte interior da curva e que, no caso de que se crucen dous vehículos, presenta un elevado risco de caída á canle do río porque tamén carece de varanda ou outro elemento de protección.

Os propios veciños e veciñas da parroquia reivindicán o arranxo desta ponte ante o risco diario que supón para os usuarios da vía, como xa advertía publicamente o Grupo Provincial Popular o pasado verán.

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	51/54



Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

A Deputación de Lugo execute con urxencia as obras necesarias para a reparación da ponte sobre a LU-P-2405 á altura da igrexa de Entrambasaguas, no municipio de Guntín, e adopte as necesarias medidas de seguridade nas súas marxes para evitar riscos aos usuarios da vía.”

PREGUNTAS

Primeira.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa á apertura do complexo turístico de Augasmestas, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta:

O complexo turístico de Augasmestas, situado no Concello de Quiroga e de titularidade desta Deputación Provincial de Lugo, é un dos mellores exemplos da desidia e o abandono que sofre o turismo da nosa provincia por parte do goberno de PSOE e BNG.

Este complexo, creado e posto en marcha por un goberno do Partido Popular, leva aproximadamente 20 anos pechado. Durante o ano 2025, o goberno da Deputación anunciou diversas contratacións para corrixir as deficiencias existentes no recinto, referíndose, entre outros eidos, á renovación do mobiliario, a mellora da depuradora e outros arranxos estruturais necesarios para a súa posta en marcha.


A realidade actual é que, polo momento, non se executou ningunha destas melloras. As promesas quedaron en nada e o complexo continúa en estado de abandono.

De feito, a campaña de Semana Santa de 2026 xa se dá por perdida e todo apunta a que o complexo permanecerá pechado tamén durante este verán, senón se comeza a dar pasos reais na apertura, privando á comarca de Quiroga dun motor económico e turístico fundamental.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

En que data teñen pensado rematar as obras de mellora necesarias, cando e con que modelo de xestión se producirá a apertura definitiva ao público deste complexo turístico?”

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	52/54





Segunda.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa á conexión ferroviaria de Lugo, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

O Goberno de Sánchez deixa á provincia de Lugo fóra do mapa da alta velocidade e ten renunciado á construción das variantes de Os Peares-Canaval e Rubián que permitirían reducir os tempos da viaxe ata Ourense.

Pero, ademais, a provincia foi perdendo frecuencias e servizos ferroviarios (conexión co País Vasco, tren-hotel a Barcelona, o tren nocturno...) nos últimos anos sen que o Goberno de España presidido por Pedro Sánchez teña intención de corrixir a situación. Máis ben, todo o contrario.

A mediados do ano 2024 perdíase o tren de primeira hora a Madrid. Un ano despois, a mediados do 2025, o alcalde de Lugo e Deputado de goberno desta Corporación, reuníase co presidente de Renfe para reivindicar “máis frecuencias” e “mellores conexións”.

Nove meses despois, anuncian para despois do 20 de maio un tren madrugador con saída ás 05:18 horas que permitirá chegar máis cedo a Madrid, algo imposible na actualidade dende que o propio Goberno de Sánchez suprimira o servizo; pero a costa de suprimir outra frecuencia con saída de Lugo ás 11:15 horas. É dicir, Lugo continúa co mesmo número de frecuencias coa capital de España, totalmente insuficientes para unha provincia e capital en pleno 2026.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

Que xestións ten realizado ou ten pensado levar a cabo o goberno provincial para impedir o illamento total en materia de conexións ferroviarias así como o agravio comparativo co resto de cidades e provincias do entorno ao que nos condena Pedro Sánchez á provincia de Lugo en materia ferroviaria?”

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20260331&punto=23>

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	53/54



E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as quince horas e dez minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

A PRESIDENTA,

O SECRETARIO,

	IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Fecha y Hora	14/04/2026 17:41:38
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYT2YFUJ6USH5QAVXCYYWL4	Página	54/54

